


A ESTRUTURA DA POBOACIÓN ESPAÑOLA POR SEXO E IDADE

A estrutura da pob. é a súa composición por sexo e idade, e por actividade económica.

ABAU: Exercicios prácticos:

- Comentar e comparar pirámides de poboación (década de 1960 e actual).



País novo: máis do 35% da pob. é menor de 15 anos

País vello: máis do 12 % da pob. é maior de 65 anos



A estrutura por sexo e idade (páx. 326)

► A **estrutura por sexo** é a relación entre o número de homes e mulleres que compoñen unha pob. Esta relación mídese mediante as taxas de masculinidade e feminidade.

Os **factores** que inflúen sobre esa estrutura son: o nacemento (sempre nacen + nenos que nenas) a maior esperanza de vida das mulleres, e as migracións, xa que soe ser maior o número de homes que emigran.




• Ejemplos:

- Índice de Masculinidad: $\frac{\text{Total de Hombres}}{\text{Total de Mujeres}} \times 100$
- Índice de Feminidad: $\frac{\text{Total de Mujeres}}{\text{Total de Hombres}} \times 100$



Canto máis se afaste o índice de 100, maior será o desequilibrio entre os sexos!!!




Idades	Varóns	Mulleres
0-4	2,61%	2,45%
5-9	2,43	2,29
10-14	2,37	2,25
15-19	2,62	2,47
20-24	3,14	3,00
25-29	4,14	3,89
30-34	4,65	4,30
40-44	4,11	3,96
45-49	3,65	3,60
50-54	3,09	3,12
55-59	2,75	2,84
60-64	2,48	2,65
65-69	1,89	2,10
70-74	1,92	2,31
75-79	1,57	2,11
80-84	0,99	1,57
+85	0,62	1,40

• Na actualidade a estrutura por sexo española se caracteriza por:


- Predominio dos homes nas idades novas, xa que nacen máis nenos que nenas, ao que se suma a maior chegada de homes entre os inmigrantes estranxeiros nas idades adultas novas...

- Nas idades adultas maduras vai reducíndose a diferenza entre ambos sexos e os efectivos van igualándose ata chegar a ser superior a % das mulleres, o motivo está na maior mortalidade masculina: accidentes de tráfico ou laborais, hábitos prexudiciais para a saúde...

- O claro predominio do sexo feminino nas idades avanzadas explícase pola maior esperanza de vida das mulleres...(páx.308), só no caso dalgunhas zonas rurais é maior a presenza de homes en idade avanzada, debido á maior emigración feminina.



Población española a 1 de enero de 2008.



► A **estrutura por idade** é a composición da pob. por grupos de idade. Mídese calculando os *índices de xuventude e avellentamento*.

Grupos de idade

Pob. nova: 0-14 anos

Pob. adulta: 15-64 anos

Pob. vella: 65 anos e máis

País novo: máis do 35% da pob. é menor de 15 anos.

País vello: máis do 12 % da pob. é maior de 64 anos.

$$\text{Índice de juventud} = \frac{\text{Población joven}}{\text{Población total}} \times 100$$

$$\text{Índice de vejez} = \frac{\text{Población vieja}}{\text{Población total}} \times 100$$

Os **factores** que inflúen nesa estrutura son a natalidade, no número de mozos; a esperanza de vida, no número de anciáns, e as migracións, pois soen migrar os novos.

• Na actualidade a **estrutura por idades española se caracteriza** por:

- Claro **avellentamento** da pob. española, no ano 2008 o 16,57% da pob. é maior de 64 anos.

1 de xaneiro de 2014

8442427 > 64 anos
18,1% da poboación
española

1 de xaneiro de 2014

3613455 son homes
4828972 son mulleres




• Os motivos dese gran avellentamento son:

- O forte descenso da natalidade desde 1975...
- O aumento da esperanza de vida, en relación co mellor nivel de vida... que incrementou o número de anciáns.
- A perda de pob. nova en décadas pasadas, motivada pola emigración exterior...



- Non obstante, nos anos da chegada masiva de inmigrantes estranxeiros permitiron un aumento da natalidade e un certo rexuvenecemento da pob: no ano 2001 a % de pob. maior de 65 anos era de 17,02% e no 2008 de 16,57%, pero tras a crise...



**Non esquecer as
diferenzas existentes
entre as
Comunidades!!**

- As **Comunidades con maior % de pob. nova** son as que tiveron tradicionalmente unha taxa de natalidade máis alta e unha esperanza de vida máis baixa, como é o sur peninsular; as que acolleron o éxodo rural ou as que recibiron un gran número de inmigrantes estranxeiros, como é o caso de Madrid, o litoral mediterráneo e as illas.



- As **Comunidades con maior % de pob. anciá** son as que sufriron no pasado unha forte emigración e hoxe teñen unha taxa de natalidade moi baixa e unha alta esperanza de vida, polo que sofren un gran avellentamento (agudizado polo retorno de antigos emigrantes), como é o caso de Galicia e o interior peninsular; e tamén as que sufriron os efectos prolongados da crise dos 70, como é o caso da cornixa cantábrica. Ademias son Comunidades que acolleron a un menor número de inmigrantes.







Figura 1.6.- Personas de 65 y más años respecto del total de la población, por comunidades autónomas, 2017



Fuente: INE: INEbase. Padrón Continuo a 1 de enero de 2017. Consulta en enero de 2018



ENVEJECIMIENTO DE LA POBLACIÓN, 2013
 Mayores de 65 años cada 100 habitantes



Fuente: INE



- As consecuencias do avellentamento

O avellentamento da pob. española obedece á acción conxunta do **aumento da esperanza de vida** e a **redución da natalidade** e ten varias consecuencias:

- A **desaceleración da economía**, debida á redución da pob. activa e da capacidade de innovación dunha pob. cada vez máis vella.

- Posibles problemas para **asegurar o pago das pensións**. Ese pago só é posible cando os contribuíntes, en idade adulta e activa, son moito máis numerosas que os pensionistas. Se a proporción de anciáns crece excesivamente, as cargas non son asumibles para o sistema.



Mientras que no ano 2014 había pouco máis de 19 millóns de traballadores afiliados á Seguridade Social fronte a 8,42 millones de personas > de 64 años (*ratio de case 2,26 empregados por cada persoa > de 64 años*), en 2050 apenas haberá 17,7 millóns de traballadores fronte a 15,3 millóns de persoas > de 64 años (*ratio de 1,15*). **A estrutura de pob. española fai insostible o mantemento das pensións nos niveis actuais.** A tendencia a un menor número de cotizantes por xubilado e a maior esperanza de vida esixen un cambio no sistema de pensións. **Inevitablemente irase reducindo a “xenerosidade” do sistema, limitando as pensións máximas e incrementando o seu período de cálculo.**



- O **incremento do gasto sanitario**, que debe ser asumido polo Estado.

- Os **coidados e atención á pob. anciá** supoñen un problema social, xa que moitos son persoas dependentes que precisan unha atención continua, e ás veces as familias non dispoñen de suficientes recursos, as residencias públicas e privadas son insuficientes...A Lei de Dependencia trata de achegar fondos para cubrir esas necesidades.



Grados de dependencia

Grado I

Dependencia moderada

Cuando la persona necesita ayuda para realizar varias actividades básicas de la vida diaria, al menos una vez al día.

Grado II

Dependencia severa

Cuando la persona necesita ayuda para realizar varias actividades básicas de la vida diaria dos o tres veces al día, pero no quiere el apoyo permanente de un cuidador.

Grado III

Gran dependencia

Cuando la persona necesita ayuda para realizar varias actividades básicas de la vida diaria varias veces al día y, por su pérdida total de autonomía física, mental, intelectual o sensorial necesita el apoyo indispensable y continuo de otra persona.

Cada uno de los grados de dependencia se clasificará en dos niveles, en función de la autonomía de las personas y de la intensidad del cuidado que requiere.

Fuente: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte
Infografía: Sandra Agudo

Calendario de aplicación de la Ley de Dependencia

Las prestaciones de la Ley se realizarán progresivamente de acuerdo al siguiente calendario:

2007

Personas valoradas con un Grado III de gran dependencia, niveles 2 y 1.

2008-2009

Personas valoradas con un Grado II de dependencia severa, nivel 2.

2009-2010


Personas valoradas con un Grado II de dependencia severa, nivel 1.

2011-2012

Personas valoradas con un Grado I de dependencia moderada, nivel 2.

2013-2014

Personas valoradas con un Grado I de dependencia moderada, nivel 1.



• As posibles solucións para o problema de envellementamento

- Poñer en práctica unha **política natalista real**, que anime á poboación a ter fillos (axudas económicas, permisos de maternidade e paternidade máis prolongados, excedencias laborais que non supoñan perder o traballo ou contratos a tempo parcial, máis guarderías...)
- Seguir permitindo a **entrada de inmigrantes**, pois aportan poboación nova, en idade de ter fillos e contribúen coas súas cotizacións ao pago das pensións.
- O **atraso na idade de xubilación**, o fin das prexubilacións e a reforma das pensións.
- A **racionalización do gasto sanitario**.
- **Servizos de respiro ás familias** con anciáns ou dependentes ao seu cargo e o incremento das residencias.

- Fomento do **envelhecimento activo**: vida saudable, autonomía persoal, posibilidade de seguir exercendo un papel activo na sociedade, solidariedade interxeracional...




As pirámides de poboación (páx. 346-7)

Unha pirámide de poboación é un gráfico que mostra a estrutura por sexo e idade dunha poboación nun momento determinado. Pode dar información sobre os sucesos que tiveron consecuencias demográficas nos cen anos anteriores ao momento ao que se refire o gráfico e ademais permite prever problemas e necesidades para un futuro próximo.

Esquema do comentario

- Definir e “describir”...
- Estrutura por sexo...
- Estrutura por idade: país novo, vello...
- Tipo de pirámide...
- Comentario dos “entrantes e saíntes”



PIRÁMIDE DA POBOACIÓN ESPAÑOLA EN 2007




gráfico de barras horizontais, bidireccional

Comentario das "anomalías" dunha pirámide de poboación

* Entrantes : Indican **perda** de poboación

- **Subnatalidade**: *xeracións ocas* provocadas

20 ou 30 anos despois atoparemos outra xeración pequena, cando esas xeracións ocas cheguen á idade de ter fillos

- **Sobremortalidade**: provocada

- epidemias
- forte emigración
- catástrofes naturais...
- guerra

- guerra
- grave crise económica
- epidemias
- forte emigración
- catástrofes naturais...

* Saíntes : Indican **incremento** de poboación


- **Sobrenatalidade**: provocada

- *baby boom* posbélico
- imp. desenvolvemento económico
- forte inmigración

20 ou 30 anos despois atoparemos outra xeración avultada, cando esas xeracións cheguen á idade de ter fillos

O entrante da pirámide estará entre 4 e 6 barras máis arriba (das datas do conflito) na pirámide, afectando a xente que estaba en idade militar no momento da guerra, sobre todo homes...


Tipos de pirámides de poboación



A **pirámide dunha poboación nova** ten forma de pagode. Esta caracterízase por ter unha base ancha ou moi ancha como resultado dunha natalidade elevada. A mortalidade infantil tamén é alta (moitos nenos e mozos non chegan á idade adulta), o que se vai reflectindo nun estreitamento progresivo do tronco da pirámide.

O estreitamento da cúspide da pirámide débese a que a mortalidade entre os adultos tamén é considerable, o cal dificulta que a poboación poida chegar a idades avanzadas.

Polo xeral, como consecuencia das deficientes condicións alimentarias, hixiénicas e sanitarias que se dan, a esperanza de vida é curta.




No **Réxime Demográfico Antigo** España mostraba o perfil dunha **pirámide nova ou expansiva**, cunha base moi ancha, indicio dunha alta taxa de natalidade, que se correspondía coa inexistencia de anticonceptivos..., mentres que o cume da pirámide era estreito, dada a elevada mortalidade e a curta esperanza de vida.

Grupos de idade ano 1900

Pob. nova (0-14 anos): 33,5%

Pob. adulta (15-64 anos): 61,2%


Pob. vella (+65 anos): 5,2%



A **pirámide dunha poboación adulta** ten forma de campá: a base e maila cúspide son máis estreitas e o tronco, ancho. Esta redución da base significa que as taxas de natalidade descendéron como consecuencia dun control da natalidade.

A diminución da mortalidade infantil, resultado dunha mellora da alimentación e das condicións hixiénicas e sanitarias, repercu-te nun aumento da poboación de adultos e vellos.

Deste xeito os mozos teñen moitas posibilidades de chegaren a adultos e estes, aínda que en menor proporción, de alcanza-la velez. A esperanza de vida aumenta considerablemente.



Ao longo da **Transición demográfica** a pirámide da pob. española foi evolucionando ata presentar ao final desa etapa un perfil de **pirámide adulta ou estacionaria**, na que se pode apreciar o inicio do recorte da natalidade na base e o importante volume de poboación adulta, o descenso da mortalidade permite aumentar a esperanza de vida, pero aínda non é moi grande a porcentaxe de pob. anciá.

Baby boom retrasado, contrarrestado pola emigr. ext.


Grupos de idade ano 1970

Pob. nova (0-14 anos): 27,8%

Pob. adulta (15-64 anos): 62,5%

Pob. vella (+65 anos): 9,7%


PIRÁMIDE DE POBOACIÓN VELLA



A **pirámide dunha poboación avellentada** ten forma de bulbo. A súa base é moi estreita, resultado dun control absoluto da natalidade e da posta en práctica dunha planificación familiar. A mortalidade infantil é insignificante.

As condicións alimentarias, hixiénicas e sanitarias son óptimas, o que provoca unha diminución notable da mortalidade en tódalas idades e un aumento da esperanza de vida.

A poboación alcanza doadamente a vellez, de aí que a cúspide sexa moito máis ancha que nos outros dous modelos de pirámides de poboación.



Desde o comezo do **Réxime Demográfico Moderno** a pirámide española foi cambiando o seu perfil ata converterse nun claro exemplo de **pirámide vella ou regresiva**, cunha base moi estreita, froito do control voluntario da natalidade, ata o punto de non poder asegurar o relevo xeracional; pola contra, o cume é demasiado ancho, como mostra da prolongada esperanza de vida, o que vai a supoñer problemas para asegurar os gastos da pob. anciá, un aumento da mortalidade...

Gran control da natalidade tras cambio pol...


Grupos de idade ano 2008

Pob. nova (0-14 anos): 14,35%


Pob. adulta (15-64 anos): 69,08%

Pob. vella (+65 anos): 16,57%

ESPAÑA, 1970 e 2005



POBLACIÓN DE ESPAÑA EN 2008



La diferencia de efectivos demográficos a favor de las mujeres se debe a su mayor esperanza de vida y también a que en estos años se encuentran los hombres que combatieron y murieron en la Guerra Civil, dado que estaban en edad militar cuando estalló el conflicto (20-24 años).

Entre los años 1939-1943, existe un entrante motivado por la reducción de la natalidad durante la Guerra Civil y por el exilio de miles de personas tras el conflicto. Además, la situación se vio agravada porque las personas que debían procrear entonces eran también escasas (generación hueca de los nacidos en menor número a causa de las guerras de finales del siglo XIX y de la epidemia de gripe de 1918).

Entre los años 1944 y 1958, no se aprecia la fuerte recuperación demográfica que suele seguir a las guerras ("baby boom posbélico"), ya que se vio contenida por las dificultades de la posguerra: bloqueo internacional al régimen de Franco, autarquía económica, desabastecimiento y carestía.

Entre los años 1959 y 1968 se incrementa la natalidad ("baby boom" posbélico retrasado) gracias a la finalización de la autarquía y el comienzo del desarrollismo económico. Se sumó una reducción de la mortalidad. Con todo, la corriente emigratoria a Europa, que ofrecía trabajo y elevados salarios, redujo el crecimiento ya que atraía principalmente a la población joven y en edad de procrear.

Entre 1969 y 1978, el crecimiento tiende a estabilizarse. El modo de vida urbano obliga a reducir el tamaño de la familia; corresponde procrear a las generaciones menos numerosas nacidas durante la guerra y la posguerra (al ser menos, tienen un menor número global de hijos); y el inicio de la crisis económica de 1975 provoca un descenso de los nacimientos.

Desde 1979, la base de la pirámide se retranquea, debido a la reducción de la natalidad causada por los factores económicos y sociales ya comentados.


En los últimos años, la llegada a España de un elevado volumen de inmigrantes extranjeros aporta más mujeres en edad fértil y con una tasa de fecundidad más elevada, que ha provocado una leve recuperación de la natalidad, plasmada en el ligero saliente de la barra de la pirámide en el grupo 0-4 años.

Prof. Félix González Chicote

ESPAÑA, 2011

Idades	Varóns	Mulleres
0-4	2,70%	2,54%
5-9	2,56	2,43
10-14	2,38	2,25
15-19	2,47	2,33
20-24	2,81	2,72
25-29	3,52	3,41
30-34	4,42	4,18
35-39	4,47	4,20
40-44	4,17	4,00
45-49	3,82	3,77
50-54	3,36	3,39
55-59	2,80	2,89
60-64	2,53	2,70
65-69	2,15	2,38
70-74	1,73	2,07
75-79	1,61	2,12
80-84	1,09	1,69
+85	0,74	1,59

Pob. nova: 14,86%
Pob. adulta: 67,96%
Pob. anciá: 17,17%




Idades	Varóns	Mulleres
0-4	2,44%	2,30%
5-9	2,75	2,58
10-14	2,60	2,45
15-19	2,42	2,28
20-24	2,51	2,40
25-29	2,77	2,76
30-34	3,34	3,34
35-39	4,20	4,09
40-44	4,30	4,15
45-49	4,04	3,96
50-54	3,71	3,74
55-59	3,26	3,36
60-64	2,69	2,84
65-69	2,41	2,65
70-74	1,97	2,28
75-79	1,49	1,92
80-84	1,25	1,83
85-89	0,75	1,20
90 e máis	0,22	0,76


ESPAÑA, 2015

Pob. Nova: 15,12%
Pob. Adulta: 66,15%
Pob. Anciá: 18,73%

Pirámide de población de España. A 1 de enero 2014



A PIRAMIDE DA POBOACION ESPANOLA EN 2015



A partir dos **75 anos**, sobre todo, hai unha acusada diferenza entre a lonxevidade masculina e a feminina.

O chanzo das idades adultas máis avanzadas (**60-64 anos**) é bastante numeroso.

As mulleres e os homes de entre **35 e 44 anos** son o grupo máis cuantioso.

O chanzo de **0-4 anos** amosa que nacen máis nenos que nenas, aínda que ao cabo duns anos ambos os dous sexos se igualan.

Pob. nova: 14,86%
Pob. adulta: 67,96%
Pob. anciá: 17,17%

Diminución da nat. a partir de ½ dos 70...

- **crise económica:**
- paro, carestía da vida...
- emancipación tardía...
- matrimonios pospostos...
- **cambio de mentalidade:**
- anticonceptivos,
- muller incorporada ao mundo laboral...
- fillos = gastos...
- búsqueda de maior comodidade...
- **falta de pol. natalistas**




Recuperación da nat. nos primeiros anos do s.XXI

- chegada de inmigrantes estranxeiros...
- bonanza económica...
- políticas natalistas...
- chegan á idade de ter fillos as grandes xeracións dos 60...

ESPAÑA, 2011

años de nacimiento





Diminución da nat. nos anos da G.Civil: xeracións ocas...

Non gran recuperación da nat. na posguerra: miseria, desabastecemento, crise económica, bloqueo internacional ao réxime franquista...

Desde finais dos 60 o crec. tende a estabilizarse: o modo de vida urbano reduce a familia, chegan á idade de ter fillos as xeracións ocas da guerra e posguerra, a emigr. exterior continua..., desde 1/2 dos 70 crise económica...

“Baby boom posbélico retrasado” que supón un aumento da nat: réxime franquista pronatalista, época do “desarrollismo económico” tras o fin da autarquía... Ese crec. tería sido maior se non fosen anos de forte emigración a Europa!!!


Nas barras superiores, que coincide coas idades máis avanzadas, a maior presenza de mulleres pode explicarse pola súa maior esperanza de vida. Ademais, entre os nados antes da década dos 20 se atopan as xeracións que “viviron” a epidemia de gripe e as persoas, especialmente homes, que sufriron de forma máis directa a G.Civil, (estaban en idade militar)...



Diminución da nat. tras a crise de 2008: paro, maternidade tardía, menor inmigración e maior emigración exterior, chegan á idade de ter fillos as xeracións nadas nos 80...

(Millóns)

ESPAÑA, 2025




Tasa de dependencia

POBLACIÓN ACTIVA (TENGAN EMPLEO O NO)

POBLACIÓN INACTIVA (MENORES DE 16 Y MAYORES DE 64)

2009
POR CADA
10 ACTIVOS
HAY
4,7 INACTIVOS



2049
POR CADA
10 ACTIVOS
HABRÁ
9 INACTIVOS



(Millóns)

ESPAÑA, 2050









Figura 1. Población por sexo y edad. España 2014-2064



Fuente: INE: Proyección de la población de España 2014-2064





Índice de envejecimiento (%) por provincias, 2012





Figura 2



Selectividade: Xuño 2014 -Opc.- A

- a) Cite as cinco prov. peninsulares máis meridionais co menor índice de envejecemento (1 punto).
- b) Identifique a figura 2 e caracterice o modelo de estrutura demográfica á que responde. Razoe a resposta. (1 punto).
- c) Explique as causas dos entrantes e saíntes nos grandes grupos de idade (1 punto).
- d) Comente as consecuencias que se poden derivar da estrutura de poboación que reflicte a figura 2 (1 punto).